

UD 2

O xiro antropolóxico dos sofistas e Sócrates

1. Contexto histórico e sociocultural do pensamento dos sofistas e de Sócrates (s.Vane en Atenas)

Histórico. No século V a.n.e., os gregos organizábanse en *polis*. A *polis* era unha unidade económica, política, social e militar. Os gregos sabían que tiñan unha cultura común (de feito chamábanse Helenos a si mesmos e a súa terra, Grecia, significa “a terra dos helenos”) pero as cidades tiñan autonomía total unhas respecto das outras. A *polis* era o máximo orgullo dos gregos ata o punto que unha das peores condenas (peor ca morte) era ser expulsado da súa *polis* e converterse nun apátrida.

No contexto da *polis* nace a primeira democracia da historia. Na ágora (praza pública) reuníanse os cidadáns (todo homes, libres e con poder adquisitivo) e argumentaban e decidían o futuro do colectivo. Os gregos foron capaces de organizarse para expoñer as distintas opinións, chegar a consensos e escapar de intereses persoais, opresións, tiranías e fanatismos relixiosos. Evidentemente este non foi un camiño doado nin rápido, pero pódese dicir que no século V comeza un camiño de democratización da vida pública baseada na isonomía (igualdade ante a lei) e na isagonía (igualdade de tempo público).

Sociocultural. Atenas, a perla da terra helena, sufriu unha transformación social extraordinaria que a converteu nunha cidade rica e moderna. Os tres puntos importantes que operan esta transformación son: a constitución de Solón (primeira constitución ateniense que, aínda que mantén os privilexios de clase introduce por primeira vez un sistema censatario de votacións), as reformas de Clístenes (abre camiño á democratización ao romper o sistema de tribos antigo) e a democracia de Efialtes e Pericles (rematan cos privilexios de clase e instauran a mistoforía: pago aos cidadáns por participar nas labores políticas, de xeito que poidan desatender o seu traballo e dedicarse á comunidade sen prexudicarse economicamente).

2. Pensamento sofista

2.1. O saber dos sofistas

As palabras gregas *sophos* e *sophía*, normalmente traducidas como “sabio” e “sabedoría”, realmente significan *experto* ou *hábil*; é sofista aquel que ten habilidade ou pericia. Cos **sofistas** estamos a falar dun *sophos* (un saber) que ten unha intencionalidade, non ten porque ser práctico pero tampouco é saber por saber. Os sofista (*sophistés*) “finxen” un coñecemento para convencer, persuadir; son grandes expertos en expoñer e con ese don convencen sen necesidade de crer no que din. Cos sofistas nacen os primeiros intelectuais profesionais, con eles nace a **retórica** (o arte de convencer pola palabra). A aparición dos sofistas axita violentamente o tan instaurado **intelectualismo moral** grego (a idea de que o máis sabio é o máis bo e o máis bo éo porque é o máis sabio). Por primeira vez na historia, aparecen uns pensadores que son sabios pero que non teñen porque defender argumentos xustos, verdadeiros ou bondadosos.

Os sofistas traerán tamén, por primeira vez, o **relativismo moral**. O SH convértese na medida de todas as cousas: así como as cousas se me aparecen, así son para min, e como aparecen para os demais, así son para os demais. A fixación da verdade desprestixiase, de feito non existe ningunha verdade, a verdade só é a verdade de cada un e de cada momento. Igualmente sucede cos argumentos éticos: non existen valores eternos e universais, a idea de ben, de xustiza, etc, dependerán en cada momento das circunstancias. Isto é moi importante para entender o edificio filosófico de Sócrates e Platón, xa que vendo en perigo os grandes principios da súa época, construírán unha filosofía que intenta salvagardar esa estrutura obxectiva fundamentándoa na ontoloxía.

2.2. O paso do logos ao nomos

Os sofistas intentan superar, por insuficiente e esgotado, o pensamento físico e cosmolóxico centrado exclusivamente no *arché* e na cuestión sobre a *physis* e os seus elementos constituíntes. Consideran que a *nova filosofía* debe versar sobre a esencia do SH que é, fundamentalmente, un ser social que fala. Nunha actitude extremadamente moderna, falan do SH só en relación aos seus produtos, que non son outros que os costumes, as cartas xurídicas, a organización política. O verdadeiramente esencial é que todo estea definido dende, por e para o SH.

O novo paradigma humanista e antropocéntrico promovido polos sofistas, denomínase **o paso do logos ao nomos**. O nomos (norma, lei) adquire cos sofistas, o significado do convencional instituído polo home, que non se basea en verdades inmutables senón na utilidade e no consenso da comunidade (nace o concepto de **lei positiva**). Polo tanto, afástase da visión esencialista e universalista da filosofía precedente e convértena en relativa. BuscaN unha nova base para a vida social e moral da comunidade que xa non é a existencia de valores eternos previos a toda norma positiva, senón que pasa a ser a utilidade para o grupo.

Os sofistas poñen patas arriba a vella forma de entender o mundo, atacan as raíces das crenzas tradicionais ata agora indubidables. A nova ética exaltarán a *areté* político (habilidade, capacidade de triunfar na política) como virtude máxima (sen ter en conta a catadura ética do dirixente). A sociedade grega pasa da tradicional consideración da existencia da natureza como xeradora de coñecemento e de valores e leis universalmente válidas, a unha nova perspectiva: é o SH quen se fundamenta a si mesmo e os seus produtos.

2.3. Características do pensamento sofista

- **Retórica e dialéctica:** o sofista preséntase como uns mestres da argumentación e da técnica da retórica e da dialéctica, esenciais para acadar a convicción e a persuasión. A retórica ofrece o estudo de medios de argumentación que non dependen da lóxica formal nin de valores éticos.

- **Crítica ao nomos:** o nomos como lei ou costume que opera na *polis* é o resultado dun acordo entre cidadáns co fin de garantir os lazos de unión e convivencia pacífica. O debate intensifícase en torno á pregunta: que é realmente a natureza ou lei natural (*physis*) e que é o convencionalismo puro ou a lei humana (*nomos*)?

- **Crítica á fixación da verdade entendida como desocultamento:** se os presocráticos creron nunha verdade eterna contida na *physis* que era necesario descubrir (desocultar), os sofistas substitúen o concepto de verdade polo de utilidade. O pensamento sofista rexeita a teoría da verdade como algo fixo, permanente e universal (teoría da fixación). Isto supón unha ruptura radical co paradigma da verdade como *alétheia* (descubrimento); nada hai que descubrir. Ademais, implica unha identificación clara entre o ser e o parecer (o ser é o que aparece, non hai máis), imposibilitando así calquera filosofía de transcendencia e da esencia.

- **Relativismo axiolóxico e epistemolóxico:** o convencionalismo e relativismo moral implica un relativismo na orde do coñecemento (epistemolóxico). Se non podemos concibir valores universais non temos elementos de referencia fixos e inmutables, o que significa que non hai unha verdade universal e obxectiva encargada de servir de referencia, por tanto o coñecemento é relativo.

- **Escepticismo:** como consecuencia deste relativismo derivan a un escepticismo epistemolóxico. A imposibilidade de valores obxectivos impide unha verdade universal, inmutable e eterna. Polo tanto: *“nada podemos coñecer con seguridade e certeza”*.

- **Utilitarismo:** todos os sofistas coinciden na defensa dun sentido práctico do ensino que tería como obxectivo inculcar e establecer no individuo a virtude entendida como a “virtude da política” e que situou o éxito nos asuntos públicos como referencia fundamental. Un coñecemento práctico que supera o paradigma cosmolóxico puramente especulativo. Esta prioridade do coñecemento práctico sobre o coñecemento teórico fundamenta o valor do útil. O útil é o que permite un bo xuízo e un correcto tratamento dos asuntos públicos e privados.

- **Valor da educación e desenvolvemento natural do home:** a posibilidade do ensino da virtude implica o valor da educación (*paideia*) que os sofistas consideran que debería promover un novo modelo de cidadán.

- **Profesionalidade e ensino retribuído da virtude:** os sofistas son uns “profesionais” do ensino e por tanto serán os primeiros filósofos que fixeron demanda de retribución pola súa dedicación como donos da *areté* (excelencia).

2.4 Principais Sofista

Protágoras (Abdera, 490 - 421 a.n.e.)

Materialismo: todo é materia. A alma non é máis que as sensacións (influencia materialista de Demócrito e os atomistas).

Relativismo: Todo é relativo. Foi o primeiro en argumentar que sobre calquera tema hai dous discursos opostos e que ningún é verdadeiro nin falso.

Homomesura e subxectivismo: *“o home é a medida de todas as cousas, das que son na medida en que son e das que non son na medida en que non o son”*. A doutrina da homomesura non supón necesariamente a negación dunha realidade obxectiva, externa ao home, senón un subxectivismo en sentido feble, segundo o cal, cada home en particular non percibe os factores reais que existen nas cousas, senón aqueles outros que lle permiten os seus sentidos e esa é a causa da percepción (recordos a Kant) (Recordos ao Renacemento e

Humanismo).

Relativismo ético: non hai valores morais absolutos (ideas absolutas). Hai cousas máis útiles, cómodas e oportunas que outras en cada momento. As cousas que se aproximan aos nosos intereses denominámolas “boas” e ás que afástanse “malas”. (Recordos a Hume)

Agnosticismo sobre os deuses: Afirmou que sobre os deuses non podía estar seguro de que existan ou de que non existen ou do que eran na súa forma externa. : “*Non sei se os deuses existen*” nunca dixo: “*Sei que os deuses non existen*”. Era **agnóstico** nunca se declarou **ateo**.

Gorxias (Lentini – Italia 480-380ane)

Mentres Protágoras parte do relativismo Gorxias vai máis aló e parte do nihilismo: “*nada existe*” (non-ser), baseado en tres teses:

- 1) Non hai Ser, é dicir, nada existe. Os filósofos que falaram do Ser definírono dun xeito que provoca conclusións que se anulan mutuamente, de xeito que o ser non pode ser un, nin múltiple, nin ser xerado, nin non xerado e, polo tanto, non será nada.
- 2) Se algo existise, non podería ser coñecible. Opoñéndose á tese de Parménides segundo a cal só pódese pensar o que é (é dicir só podemos pensar no Ser). Hai así unha ruptura entre o ser e o pensamento.
- 3) Supoñendo que o Ser fose coñecible e pensable, sería inexpresable. A palabra non pode comunicarse co valor da verdade nada máis que ela mesma. A incomunicabilidade baséase no feito de que as palabras faladas non son o mesmo que os corpos. O medio polo que se captura o visible é completamente diferente do que se capturan as palabras.

3.- Pensamento socrático (SOCRATES, Atenas 470/469 -399ane)

3.1. Coordenadas vitais

Sócrates foi fillo dun escultor e dunha matrona. Non fundou escola, pero ensinou en lugares públicos como unha especie de predicador laico, exercendo unha enorme fascinación non só nos mozos, senón tamén nos homes de todas as idades. Pero tamén xerou notables aversións e inimizades o que lle valeu unha detención e unha condena a morte. Non escribiu nada xa que consideraba que a súa mensaxe debía comunicarse a través da palabra viva, así que non conservamos ningunha obra escrita por el. Os seus discípulos estableceron por escrito unha serie de doutrinas que se lle atribúen. Non obstante, esas doutrinas a miúdo non coinciden e ás veces incluso se contradín; a nosa fonte principal é o que Platón escribiu del. Ao principio interesouse polos temas físicos pero nunha segunda etapa fíxose eco da influencia da sofística e tratou os mesmos problemas que eles, aínda que en polémica aberta.

3.2.- A filosofía socrática

a) Método socrático

O método usado por Sócrates nas súas disertacións polas rúas e prazas de Atenas, denomínase **dialéctica**. Sócrates cría que todos os SH temos a verdade dentro de nós pero non somos conscientes diso por iso moitas veces obramos equivocadamente. Con a súa dialéctica pretendía achar a esencia do SH, a alma, logrando facela apta para acoller a verdade. En consecuencia, os obxectivos do método socrático, son basicamente de natureza ética e educativa, e só secundariamente de natureza lóxica e epistemolóxica. Os sofistas, asumiron a actitude arrogante de quen o sabe todo e pode argumentar sobre todo; Sócrates, pola contra, situouse ante o seu interlocutor nunha situación de non saber nada e ter que aprendelo todo: *“só sei que non sei nada”*.

O método socrático tiña dúas partes: A **Ironía** (parte negativa, demoledora ou destrutiva) que era a estratexia socrática que obrigaba ao interlocutor a dar conta de si mesmo e o facía caer en contradición ata que admitise a súa ignorancia ou non saber. A **Maiéutica** (parte positiva ou construtiva) sacar a verdade que está dentro de todos nós; o método socrático só debía axudar a facela saír, como unha especie de matrona espiritual, que axuda a que a verdade saia á luz.

b) Universalismo e esencialismo

Sócrates é o pai do universalismo, é dicir da creación de conceptos xerais abstractos que non están en ningún caso concreto. Observou o uso de termos xerais nas conversas e discursos políticos, especialmente nos termos éticos. Termos que algúns pensadores, como os sofistas, argumentaban que non tiñan ningunha base na realidade, e que só cumprían unha misión práctica e eran puramente relativos. Sócrates, en cambio, considerou que eses conceptos existían na nosa mente e que por tanto eran “reais”. Para chegar ao coñecemento deses universais propoñía o “**método socrático**”: O universal funciona como a esencia de cada cousa; dos puntos comúns nos particular extráese o esencial; eses puntos comúns son o universal.

c) Antropoloxía

“Cal é a natureza e a realidade última do SH? Cal é a esencia do home?” pregúntase Sócrates. Sócrates compra o dualismo antropolóxico herdado dos pitagóricos. O SH está feito de corpo e alma. Pero a súa esencia a alma, xa que a alma é precisamente o co distingue de calquera outra cousa (só os SH teñen alma). Sócrates entende por alma a razón; é dicir, a conciencia ou a personalidade intelectual e moral. Así a filosofía socrática reforza a tradición pitagórica de un individuo dividido en dúas partes (corpo e alma) pero onde é a segunda a que da a esencia de humano. As consecuencias son que todo o que teña que ver co corpo non son propias ou exclusivas do SH e por tanto son execrables. Esta é a tradición moral e intelectual da que viviu Europa desde entón, reforzada pola filosofía platónica e polo cristianismo. Recordemos que os atomistas e despois os sofistas, non crían no dualismo alma/corpo porque para eles a alma era materia tamén. Pero estes últimos perderon a batalla da historia e houbo que esperar a Hume para volver a retomar estes pensamentos.

d) O novo significado da virtude

A *areté* significa *perfección*, o que fai que unha cousa sexa perfecta, que sexa o que realmente é. A virtude do SH (o que o fai realmente ser humano), segundo o que acabamos de dicir, só pode ser o que se fai dende a alma, é dicir dende o raciocinio. Ser virtuoso é ser racional.

e) Intelectualismo moral

A *areté* socrática enunciada no punto anterior, implicou un tipo de ética: o **intelectualismo moral** que podemos enunciar como: *“Ninguén erra voluntariamente e quen fai o mal faino por descoñecemento do ben”*. Trátase de reducir o ben moral a un feito de coñecemento, considerando imposible coñecer o ben e non facelo. O intelectualismo socrático influíu sobre todo o pensamento grego, ata o punto de converterse nunha especie de denominador común de todos os sistemas éticos cando menos ata a ética aristotélica.

f) A liberdade

A manifestación máis significativa da excelencia da psique ou razón humana reside no que Sócrates chamou “autocontrol” (*enkrateia*), é dicir, en dominarse a un mesmo durante os estados de pracer, dor e fatiga, cando se está sometido á presión de paixóns e impulsos. Nese autocontrol, a alma convértese en dona do corpo e dos seus instintos. Sócrates identifica este dominio coa liberdade humana xa que ser libre significa non sucumbir aos desexos do corpo.

g) O novo concepto de felicidade

O dualismo antropolóxico socrático fundamenta o seu concepto de felicidade (*eudaimonia*). A felicidade xa non pode vir de cousas externas nin do corpo (porque iso non é o propiamente humano), senón só da alma porque esta é a esencia do SH. A alma é feliz cando está ordenada, cando é virtuosa (cando é realmente o que debe ser). Por esta razón, segundo Sócrates, o home virtuoso non pode sufrir ningún mal nin na vida nin na morte porque a harmonía da súa alma non se pode danar por cousas que lle pasen ao corpo. Se despois da morte hai un máis alá, o virtuoso conseguirá o seu premio, e se non o hai, viviu correctamente esta vida como corresponde a un SH.

3.3.- Influencia de Sócrates en el pensamento posterior

Influencia en Platón: o proxecto universalista de Sócrates é a base da filosofía de Platón pero levado tamén ao terreo metafísico por este.

Influencia en Nietzsche: crítica ao loxicismo de Sócrates como o corruptor dos verdadeiros valores gregos ao substituír o instinto pola razón; *“Sócrates é o gran traidor, quen inicia e fundamenta a gran confusión da historia da filosofía.”*

Influencia en Habermas: o diálogo e consenso suxeito as condicións dos interlocutores base da filosofía de Habermas está xa presente en Só.